

Informe de accións de coordinación

Grao en Enxeñaría Aeroespacial

Curso 2019/2020



Data de aprobación en CGC: 18/11/2020

Contido

INTRODUCCIÓN 2

I. INFORMACIÓN XERAL 2

II. COORDINACIÓN XERAL..... 2

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN 4

 3.1. Reunións 4

 3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas..... 6

IV. CONCLUSIÓNS 6

V. ANEXOS 7

INTRODUCCIÓN

Debido á implantación dos estudos de grao na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo fai poucos anos, moitos dos procedementos asociados ao Sistema de Garantía Interna de Calidade están desenvolvéndose paulatinamente. En concreto, o esquema de coordinación do grao acada o seu estado completo coa impartición por primeira vez do último curso da titulación, no que se incorporan a coordinadora de prácticas externas curriculares e o coordinador de TFG. Así mesmo, o Plan de Acción Titorial foi actualizado neste curso académico para reflectir mellor os diferentes intereses dos catro cursos.

Este é o primeiro Informe das accións de coordinación desta titulación. Malia estes precedentes, constatamos que as ditas accións de coordinación foron levadas a cabo polos axentes implicados da forma máis dilixente, o que nos levou a conseguir a primeira promoción do Grao de Enxeñaría Aeroespacial no curso 2019/2020.

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Grao en Enxeñaría Aeroespacial
Centro onde se imparte o título	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	
Curso de implantación	2016/2017

II. COORDINACIÓN XERAL

Coordinación de título	Arno Formella
Equipo coordinador do curso	1º curso: José Ramón Salgueiro Piñeiro 2º curso: Claudio Cerdeiriña Álvarez 3º curso: Elena Martín Ortega 4º curso: Carlos Ulloa Sande

Xefe de estudos	Higinio González Jorge
Coordinador do PAT	Higinio González Jorge
Coordinadora de prácticas externas curriculares (PE)	Elena Martín Ortega
Coordinador de traballos de fin de grao (TFG)	Carlos Ulloa Sande
Coordinadora de mobilidade	María de las Nieves Lorenzo González
Coordinadora de Calidade no centro	María Begoña Cid Iglesias

A continuación sinálanse as figuras e órganos con responsabilidades e competencias en relación á coordinación docente e académica:

1. **Coordinador da titulación.** É o responsable de coordinar as actividades realizadas pola Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos e o resto dos responsables dos distintos ámbitos da titulación (Coordinadores de curso, Coordinador de TFG, Coordinador de PAT). Tamén é o responsable de coordinar as accións relativas á titulación na Comisión de Calidade no centro e na Xunta de Escola.
2. **Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos.** A CARC promove, coordina e dinamiza o conxunto de accións de organización e coordinación docente na titulación. É a responsable de elaborar a PDA (por delegación da Xunta de Escola), o POD, os calendarios de tramitación das materias TFG e PE, elabora unha proposta de tribunal para os TFG e o calendario escolar (horarios e calendario de exames) da titulación. As ditas propostas débense e apróbanse, con ou sen modificación, na Xunta de Centro.
É o órgano responsable da aprobación das guías docentes (por delegación da Xunta de Escola). Tamén xestiona o recoñecemento de créditos para a alumnado e analiza as solicitudes de matrícula a tempo parcial. Ademais analiza os mecanismos de coordinación docente entre as distintas materias do curso. As súas funcións están recollidas no regulamento interno do centro.
No curso 2019/2020 mantivo reunións nas seguintes datas: 26 de setembro, 29 de outubro e 25 de novembro de 2019, 6 de marzo, 30 de abril, 15 de xuño e 20 de xullo de 2020. A información sobre os acordos acadados está disponible na páxina web da escola.
3. **Xefe de estudos.** Encárgase da xestión de espazos docentes (aulas, seminarios, laboratorios), coordinación de actividades formativas entre materias, planificación horaria docente e de exames de cada cuadrimestre e cambios puntuais. É unha figura clave nas actividades de coordinación e organización da titulación.
4. **Coordinador/es de curso.** Son os responsables da coordinación horizontal entre materias. Coordinan as entregas de traballos, as probas parciais, as saídas de campo (por exemplo visitas a empresas).
5. **Coordinadora de prácticas externas.** É a responsable do desenvolvemento da materia Prácticas Externas: contacta coas empresas, coordina a tramitación dos convenios, asigna as empresas e títulos académicos ao alumnado matriculado e evalúa e cualifica a materia.

6. **Coordinador de traballo fin de grao.** É o responsable dende o punto de vista procedimental da materia TFM: coordina a asignación de temáticas de TFG, a tramitación, o calendario, a configuración de tribunais e a organización do acto de defensa.
7. **Coordinador do PAT.** É o responsable da implantación do PAT na titulación, o que implica a organización de sesións co estudiantado, recollida de evidencias e información para a súa análise, así como da elaboración do Informe do PAT do curso correspondente.
8. **Coordinadora de mobilidade.** É a responsable do programa de mobilidade na escola. A mobilidade do estudiantado está centrada nos programas SICUE, no ámbito nacional, e ERASMUS, no ámbito europeo, con algunha outra oferta máis puntual de intercambio con outros ámbitos xeográficos máis directamente xestionada dende a Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo (programa ISEP có continente americano, programa GE4, convenios bilaterais, etc).
9. **Coordinadora de Calidade do centro.** É a persoa responsable da implantación do SGIC na titulación, o que implica a recollida de evidencias asociadas ao SGIC e a formulación de análises e reflexións sobre o desenvolvemento do proxecto formativo.

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

A coordinación do título entre o coordinador do grao, os coordinadores de curso e o coordinador do PAT é unha actividade continua ao longo do curso que non sempre se vincula a reunións formais para as que se pode levantar unha acta, e polo tanto, non poden ser reflectidas documentalmente neste informe. O proceso de coordinación orixinou distintos axustes no desenvolvemento dos catro cursos da titulación, que se implantaron por primeira vez na escola. Certos temas preséntanse na CARC para tomar decisión reflectidas nas actas desta comisión.

O equipo directivo promove, coordina e dinamiza o conxunto de accións de coordinación docente no centro.

3.1. Reunións

- **Reunións do equipo coordinador do título e do curso co equipo coordinador da materia/módulo**
 - A finais do curso académico 2018/2019 levouse a cabo a coordinación para realizar as guías docentes do curso 2019/2020. Cabe destacar especialmente a coordinación establecida co profesorado das materias de cuarto curso que se implantaron por primeira vez na escola. Deste xeito, establecéronse as directrices para a elaboración das guías docentes comprobando que estas son coherentes, recollen os contidos que figuran na memoria da titulación, e permiten acadar as competencias xerais e específicas correspondentes. Finalmente, tratouse a xestión das guías docentes a través da aplicación DocNeT (prazos e outras cuestións).

- A principios de setembro, preparáronse as Xornadas de Benvida para o alumnado de novo ingreso.
- Xunto co Xefe de Estudos, prepárase a distribución de alumnado nos distintos grupos de prácticas para adecuarse aos espazos e recursos dispoñibles no centro. En primeiro curso hai grupos de tipo C con docencia en inglés.

➤ **Reunións do equipo coordinador do curso co persoal coordinador da materia/módulo**

Durante o curso académico realizáronse varias reunións deste tipo nos catro cursos da titulación.

- No primeiro cuatrimestre cada coordinador de curso tivo reunións co profesorado para planificar o calendario das probas parciais e as entregas das distintas materias.
- No segundo cuatrimestre tamén se mantiveron este tipo de reunións. Ademais, a raíz da alerta sanitaria orixinada pola Covid 19, dende o día de peche da Universidade mantivéronse reunións virtuais mediante a ferramenta Adobe Connect (xa usada no mestrado MOESANT) organizadas polo Xefe de Estudos para facer un seguimento da docencia virtual cos mecanismos suministrados pola Universidade, nomeadamente a plataforma de Campus Remoto. Tamén se organizaron reunións para realizar as addendas sobre as modificacións das guías docentes das materias do segundo cuatrimestre, especialmente para a realización das avaliacións.
- Mediante correo electrónico, o coordinador de TFG estivo en contacto co profesorado titor para facilitar a información sobre o calendario, solicitude de liñas de traballo e cuestións de tipo procedimental, xa que é o primeiro curso no que se presentan os traballos de fin de grao.

➤ **Reunións do responsable de coordinación da materia co profesorado que a imparte**

Ao longo de todo o curso académico as persoas responsables da coordinación das materias mantiveron unha comunicación permanente co profesorado e coa dirección do centro para trasladar a información, os resultados, as queixas e as suxestións achegadas tanto polo propio alumnado como polo/a coordinador/a do curso, por algún membro do profesorado ou mesmo polo coordinador do título. O obxectivo principal foi consensuar as distintas decisións para garantir transparencia e unha axeitada planificación da materia co fin de asegurar un desenvolvemento equilibrado e coordinado desta.

Despois de finalizar o período de docencia da materia, o responsable de coordinación de cada materia reuniuse co profesorado das mesmas para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.

➤ **Reunións do equipo coordinador do curso cos tutores/as, coordinador de PAT**

Debido á recente implantación do último curso da titulación na escola o Sistema de Garantía Interna de Calidade foi desenvolvido paulatinamente e o Plan de Acción Titorial completo foi aprobado durante este curso académico. Deste xeito, a escola non contaba con tutores asociados a cada curso.

En calquera caso, ao finalizar cada un dos cuatrimestres houbo unha reunión para analizar distintos aspectos académicos relacionados co alumnado (resultados académicos, suxestións, queixas...). Estas reunións, que tiveron como tema principal o alumnado, configuráronse como un espazo de información esencial para desenvolver o Plan de acción tutorial (PAT).

Despois de finalizar o período de docencia, recompílanse e analízanse as principais incidencias acontecidas durante o curso. Como consecuencia destas valoracións e da reflexión, xorden as suxestións de mellora que se recollerán na planificación do PAT para o vindeiro curso.

Por outra banda, o coordinador de grao e o coordinador de PAT acordaron facer reunións informativas de orientación ao alumnado sobre distintas temáticas de interese para cada curso:

- Información sobre as mencións (alumnado de 2º)
- Información sobre mobilidade estudiantil (alumnado de 2º e 3º)
- Información sobre a oferta de materias optativas e traballo fin de grao (alumnado de 3º)
- Información sobre prácticas externas extracurriculares (alumnado de 3º e 4º)
- Información sobre as saídas profesionais e estudos de continuación (alumnado de 4º)

3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

No curso académico 2019/2020, a coordinación de grao do centro elaborou as directrices para a coordinación horizontal e vertical no centro. O documento facilitóuselles aos coordinadores/as do curso e da materia co fin de esclarecer as liñas xerais de coordinación e concretar uns criterios e unhas pautas de actuación comúns.

Tamén houbo reunións de coordinación co persoal técnico para organizar a montaxe das prácticas nos distintos laboratorios.

A Comisión de Calidade recolle todos os datos institucionais relativos á Calidade: (enquisas, taxas de éxito, taxas de abandono, ...) e fai unha análise dos mesmos que despois presenta a todos os sectores implicados no desenvolvemento da docencia no centro. No curso 2019/2020 mantivo reunións o 6 de marzo, o 24 de abril e o 13 de xullo de 2020.

Por outra banda, convidouse a diferentes axentes da profesión nos Foros Aeros organizados polo centro para dar aos estudantes participantes unha visión sobre as actividades aeroespaciais fóra do centro.

IV. CONCLUSIÓNS

As reunións de coordinación realizadas durante o curso 2019/2020 permitiron reflexionar sobre os aspectos docentes e analizar as principais incidencias, debilidades, suxestións e puntos fortes coa finalidade de establecer as accións de mellora oportunas. No caso de detectar algunha problemática, permiten abordar de xeito áxil unha búsqueda de posibles solucións.

Debido á inexperiencia do persoal docente da escola nas cuestións burocráticas do Sistema de Garantía Interna de Calidade, non hai constancia documental (agás os correos electrónicos enviados) de moitas destas reunións. Sobre todo durante o segundo cuadrimestre, no que as reunións foron convocadas de xeito virtual, incluso de cando en vez de xeito *ad hoc* para tratar un aspecto concreto que xurdiu por causa da crise sanitaria.

A pesares deste aspecto débil, compre destacar que houbo unha comunicación continua entre o profesorado, os coordinadores de curso, o coordinador do PAT e o coordinador de grao. Esta comunicación permitiu o correcto desenvolvemento temporal e espacial das actividades docentes recollidas no título.

Como proposta de mellora para o próximo curso plantéxase unha recollida sistematizada das actas das distintas reunións de coordinación.

V. ANEXOS

Para completar a información, achéganse as actas dos coordinadores de curso e un breve informe das materias do segundo cuatrimestre (afectado pola modificación da docencia e avaliación debido á alerta sanitaria ocasionada pola Covid19) do curso 2019/2020.

ACTA DA REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE PRIMEIRO CURSO DE ENXEÑARÍA AEROESPACIAL

Convocouse para o día 25 de xuño de 2020 ás 11 horas na aula virtual 1 da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo o profesorado con docencia nas asignaturas do **segundo cuatrimestre** do primeiro curso.

ASISTIRON á reunión:

Begoña Cid (cálculo II), José Luis Alonso (química), Juan Antonio Añel (física II) e José Ramón Salgueiro (física II).

ORDE DO DÍA:

Debate aberto sobre a experiencia docente do segundo cuatrimestre do primeiro curso da titulación de Enxeñaría Aeroespacial (curso 2019/20)

A docencia neste cuatrimestre estivo marcada pola declaración de estado de alarma a partires da metade do mes de marzo, e o obxecto principal desta xuntanza foi analizar a resposta que se deu nas diferentes asignaturas perante esta situación excepcional.

Por iniciativa da profesora Begoña Cid, pediuse ó profesorado que elaborase un pequeno informe sobre como se desenvolveu a docencia das súas respectivas materias durante o estado de alarma e como se procedeu en cada caso para realizar a correspondente avaliación. Os informes recibidos anéxanse á presente acta. Segundo informa Begoña Cid estes informes son tamén de interese de cara á redacción final do informe de coordinación de grado que haberá que facer no sucesivo a partires deste curso.

José Ramón Salgueiro empeza contando como na súa asignatura se pasou inmediatamente a un sistema de videoconferencia para impartir as clases correspondentes, que ademáis se grabaron para que o alumnado poidese visionar as sesións as veces que estimase oportuno. As titorías atendéronse ben por videoconferencia, ben por correo electrónico. O exame non presencial fíxose secuencialmente propoñendo problemas curtos a través da plataforma de teledocencia (campus remoto) e deixando un tempo para facer cada un deles antes de propoñer o seguinte. De este xeito dificultouse a circulación de respostas entre o alumnado.

José Luis Alonso conta que abordou a asignatura durante o tempo do estado de alarma mediante a grabación de vídeos con presentacións en Powerpoint contendo explicacións sobre os diferentes contidos da materia. Levou ademáis a cabo un proceso de realimentación, consultando ó alumnado sobre o método e obtendo unha resposta satisfactoria. Comenta que as probas de avaliación non reflexaron moi ben ós coñecementos adquiridos polo alumnado xa que algún que se examinou oralmente a posteriori non parecía presentar o nivel de coñecemento que parecían indicar

as probas realizadas anteriormente, e pensa que o problema foi a circulación de información entre o alumnado durante a realización das devanditas probas.

José Ramón Salgueiro informa que o feito de ter realizado o exame de xeito secuencial, con tempo limitado para cada exercicio, así como o feito de modificar os devanditos exercicios mediante as cifras do DNI dos alumnos foi determinante en canto a dificultar a comunicación entre o alumnado, pero aínda así se percibiu algún síntoma de que a información circulara. Conta ademáis que o maior problema atopouno nas probas de avaliación continua que consistiron nunha serie de exercicios propostos ó alumnado semanalmente: había tres ou catro versións das solucións, síntoma de que só tres ou catro alumnos os traballaron realmente e os demais adicáronse a seguir, cando non a copiar, o desenvolvemento feito por eses alumnos. Begoña Cid asínte, confirmando que lle pasou algo semellante.

Juan Añel, que estivo a cargo do laboratorio de física II, conta que lle sorprendeu o descoñecemento por parte do alumnado de certa información básica como por exemplo o feito de que a convocatoria de xullo seña unha convocatoria máis e non un exame de recuperación. Informa que atopou casos de plaxios nas memorias de prácticas xa que os alumnos se adicaron en moitos casos a compoñer a súa memoria tomando anacos de material literal doutras fontes. Opina que podería ser unha boa cousa facer saber ós alumnos acerca da mala práctica que supón esta estratexia para que, de cara ó futuro, cambien o seu proceder.

Tamén informa que o alumnado queixouse do diferente criterio que se seguiu para a avaliación das memorias de prácticas do grupo que chegou a pasar polo laboratorio presencial, respecto os outros dous que non o fixeron e lles foi substituído por un laboratorio virtual. Isto veu un tanto agravado polo feito de que en un e en outro caso o profesor era tamén diferente. Aínda que se estableceron uns criterios consensuados para a avaliación das prácticas, o feito de consistir nun e noutro caso en actividades moi diferentes dificulta enormemente a aplicación dun criterio homoxéneo. José Luis Alonso conta que na asignatura de química pasou tamén algo semellante.

Tódolos asistentes asinten en que as cualificacións obtidas polo alumnado nas súas respectivas materias foron moito mellores que as que se viñan acadando en cursos anteriores, en particular no tocante ó número de aprobados.

José Luis Alonso pregunta finalmente se a adenda que hai que engadir á guía docente para o curso que vén é parte da propia guía docente ou constitúe un documento independente. Según informa Begoña Cid, as guías docentes faranse do mesmo xeito que se fixeron en cursos anteriores, asumindo unha situación de normalidade. É a posteriori, nun documento separado, onde se tratan as especificidades da docencia semipresencial.

Sen máis asuntos que debater, levántase a sesión ás 11 horas e 21 minutos.

En Ourense, 25 de xuño de 2020

José Ramón Salgueiro
Coordenador de primeiro curso (Enxeñaría aeroespacial)

CUADRIMESTRE	GRAO
Segundo	Enxeñaría Aeroespacial

MATERIA: Cálculo II

PROFESORADO: María Begoña Cid Iglesias

PROFESOR/A RESPONSABLE MATERIA: María Begoña Cid Iglesias

Valoración e funcionamento- comentar os aspectos seguintes:

Asistencia, actitude e participación do alumnado a clase de teoría/seminarios	A maioría do alumnado asistiu a clase con regularidade antes da declaración do estado de alarma provocado pola alerta sanitaria da Covid19. Varias personas plantexaban cuestións no transcurso da clase e participaron nas tarefas propostas. No período de docencia non presencial facilitouse material adicional mediante a plataforma Faitic combinado con clases a través da plataforma do Campus Remoto
Asistencia, actitude e participación do alumnado a clases prácticas	A maioría do alumnado asistiu a prácticas con regularidade e participaron nas tarefas propostas. Varias prácticas tiveron que ser realizadas a través da plataforma do Campus Remoto
Asistencia do alumnado a titorías	Aproximadamente unha cuarta parte do alumnado asistiu a titorías no período de docencia presencial. No período de docencia non presencial mantivéronse titorías abertas convocadas para todo o alumnado e outras concertadas de forma individual con cita previa, todas elas a través da plataforma do Campus Remoto
Avaliación do alumnado	Todas as probas parciais e os exames finais fixéronse a través da plataforma do Campus Remoto. O peso de cada proba mantívose segundo está recollido na guía docente da materia.
Incidencias producidas	Ningunha
Outros comentarios	

INFORME

MATERIA: QUÍMICA

CURSO: 1º

TITULACIÓN: INGENIERÍA AEROESPACIAL

Docencia de teoría

Esta materia está impartida por dos profesores: Juan Carlos Parajó que se ocupa de la parte A (Temas 1-8) y José Luis Alonso que se ocupa de la parte B (Temas 9-15).

La parte A se impartió íntegramente en modo presencial y la B íntegramente en modo no presencial, al coincidir la fecha de inicio del estado de alarma con el final del tema 8.

La docencia durante la parte A se llevó a cabo sin ningún tipo de incidencia y con un volumen de asistencia dentro de lo habitual (30-35 alumnos, de promedio)

Para la docencia durante el periodo de confinamiento se empleó la siguiente metodología:

- Se prepararon, utilizando la aplicación Microsoft PowerPoint, vídeos con audio donde se fueron tratando los diferentes temas de la materia.
- La extensión en contenidos de cada vídeo fue similar a la de una clase habitual de otros cursos.
- Estos vídeos se fueron poniendo a disposición de los alumnos a través de Fatic a medida que iba transcurriendo el curso.
- Para la parte de problemas se prepararon materiales en formato PDF donde se explicaba detalladamente la resolución de problemas modelo.
- En todo momento se fue indicando a los alumnos cómo debían proceder para seguir la asignatura.

Docencia de prácticas

De los tres grupos convocados a prácticas, el primer grupo las hizo de forma presencial. Para la realización de las prácticas en modo no presencial de los otros dos grupos se empleó lo siguiente:

- Se facilitaron 6 enlaces web a vídeos donde se abordan contenidos similares a los de las 6 prácticas programadas.
- Se les propuso a los alumnos su visualización y posterior realización, en grupos, de un cuestionario relativo a cada práctica.

Tutorías

Las tutorías se realizaron a través de correo electrónico donde se observó una participación bastante significativa.

Evaluación

Para la evaluación se llevaron a cabo, a través de Campus Remoto y con la herramienta Fatic, exámenes tipo test con preguntas de teoría y problemas, empleando siempre un límite de tiempo para cada cuestionario y manteniendo abiertos cámara y micrófono.

Para ello se emplearon dos aulas virtuales con aproximadamente 30 alumnos cada una.

Al final, del examen, debían enviar por correo-e fotografía de las operaciones realizadas. Comentar que el porcentaje de aprobados fue significativamente superior a la de cursos anteriores.

Informe sobre materias de primeiro curso (2019/20) Segundo cuadrimestre, Enxeñaría aeroespacial

MATERIA: Física II
PROFESORADO: José Ramón Salgueiro, Juan Añel, Ramón G. Gesteira
PROF. RESPONSABLE: José Ramón Salgueiro Piñeiro

Clases teóricas

Pasouse á modalidade de teledocencia usando a plataforma Adobe Connect e as aulas virtuais que a dirección da EEAE puxo de xeito inmediato á disposición de todo o profesorado. Deste xeito non se malogrou ningunha das horas de clase, puidéndose impartir o 100 % delas. Utilizando as posibilidades desta plataforma, grabáronse as diferentes sesión e puxéronse permanentemente á disposición do alumnado para que puidese visionalas total ou parcialmente ás veces que for necesario. A plataforma permite interacción profesorado-alumnado de xeito que foi posible a formulación de preguntas no curso das diferentes leccións e a resposta inmediata a estas cuestións. As notas correspondentes a cada capítulo da materia enviáronse ó alumnado previamente para que puidesen, se o consideraban oportuno, revisalas con anterioridade á clase maxistral (que se impartía sobre as mesmas notas visualizadas no escritorio remoto).

Resolución de problemas/seminarios

Nas clases de seminario ou resolución de problemas seguiuuse un método semellante, utilizando unhas indicacións que se compartiron no escritorio remoto e sobre as que se foi explicando o xeito de plantexar e resolver cada problema. A posibilidade de interacción para resolver dudas inmediatas, así como a posibilidade de celebrar sesións de tutorías unha vez que o alumnado traballase nos diferentes exercicios, permitiu completar o proceso de aprendizaxe.

A asistencia ás sesións virtuais, tanto nas clases teóricas como nas de resolución de problemas, foi aproximadamente duns 40 alumnos por sesión, aínda que consta que outros seguían as sesións asíncronamente, visionando os vídeos a posteriori.

Prácticas de laboratorio

En canto as prácticas de laboratorio houbo dous escenarios diferentes. Dos tres grupos de laboratorio un deles chegou a facer presencialmente ás prácticas namentres os outros dous non. No primeiro caso, pedíuselle ós estudantes que fixesen o traballo que xa estaba programado (elaboración do informe de prácticas correspondente), xa que é un documento personal que se pode facer individualmente e sen necesidade de voltar ó laboratorio. No caso dos outros dous grupos pedíuselles que fixesen unha serie de actividades dun laboratorio virtual que se atopa na web da Universidade de Colorado:

<https://phet.colorado.edu/en/simulations/category/>

physics/electricity-magnets-and-circuits

Trátase dunha serie de experimentos virtuais sobre a materia que permiten emular posibles sistemas que se atoparían no laboratorio e ademáis permiten establecer parámetros ou variables e obter os valores doutros asociados (medidas). Deste xeito, o alumnado puido emular a experiencia física, obter resultados para as medidas, e polo tanto elaborar tamén o informe correspondente.

Titorías

En canto as titorías, respostáronse dúbidas por correo electrónico á maior brevidade posible. Asimesmo, habilitouse un foro de consultas e dúbidas en FAITIC no que se podían plantexar cuestións e/ou dúbidas ás que se lle daba resposta á maior brevidade posible. Animouse ós estudantes á usar este foro xa que permite un acceso ás preguntas/respostas a todo o alumnado, que deste xeito se beneficia das cuestións plantexadas individualmente por cada estudante. Por outra parte, celebráronse sesións virtuais acordadas (usando o campus remoto) con aqueles estudantes que así o solicitaron. En calquera caso, mantívose unha especial atención a estes medios non presenciais durante o horario de tutorías oficial.

O alumnado utilizou tanto as titorías por email como o foro regularmente. Tamén se mantiveron varias sesións de videoconferencia con estudantes que así o requiriron.

Avaliación

A avaliación contínua consistiu nunha serie de problemas propostos semanalmente para facer polos estudantes e entregar (un por semana). Isto substituíu ás probas presenciais que estaba previsto facer durante o cuatrimestre. Seguindo as recomendacións cursadas pola reitoría aumentouse a porcentaxe de peso destas probas de avaliación contínua na nota final da asignatura ata un 40 %.

Por outra parte fixéronse exames (maio e xuño) nas datas que estaban previstas. Utilizouse a modalidade de exame a distancia sen control de identidade. Consistiu na proposta de cinco exercicios curtos, que se enviaron secuencialmente ó traveso do campus remoto e se concedeu un tempo preestablecido para que os estudantes realizasen cada un deses exercicios. As respostas foron fotografiadas (con móbil, cámara, etc) e os arquivos coas fotos subidos á plataforma FAITIC. O bo funcionamento da plataforma de campus remoto e de FAITIC, así como a ausencia de problemas graves de conexión por parte do alumnado non requiriu de metodoloxías adicionais, aínda que se prevera a posibilidade dun exame oral naqueles casos nos que non fose posible facelo do xeito descrito.

As prácticas de laboratorio foron avaliadas a partires do correspondente informe entregado polos alumnos.

Plan de acción titorial

Ficha de seguimento das reunións de coordinación

Datos da reunión

Titulación: Grao en Enxeñaría Aeroespacial
Curso: 2019/2020
Data e hora: 1 de setembro 2019, vía email
Coordinador/a: Claudio Cerdeiriña Álvarez

Contido

Asistentes:

Begoña Cid (Métodos Matemáticos)
Beatriz Guitián (Ciencia y Tecnología de los Materiales)
Ana Belén Albo (Ingeniería Eléctrica)
Diego González (Mecánica Clásica)
Claudio Cerdeiriña (Termodinámica)

Motivo da reunión:

Elaboración del calendario de exámenes parciales del primer cuatrimestre del segundo curso.

Temas formulados:

Medidas acordadas:

Se acordó fijar las siguientes fechas para la realización de exámenes parciales:

- 24 de octubre (Métodos Matemáticos, primer parcial)
- 30 de octubre (Termodinámica)
- 5 de noviembre (Ingeniería Eléctrica)
- 18 de noviembre (Mecánica Clásica)
- 28 de noviembre (Métodos Matemáticos, segundo parcial)

Plan de acción titorial

Ficha de seguimiento das reunións de coordinación

Datos da reunión

Titulación: Grao en Enxeñaría Aeroespacial

Curso: 2019/2020

Data e hora: 1 de febreiro de 2020, vía email

Coordinador/a: Claudio Cerdeiriña Álvarez

Contido

Asistentes:

Luis Rodríguez (Mecánica de Fluidos)

Pedro Orgeira (Transporte Aéreo y Sistemas Embarcados)

Carlos Castro (Electrónica y Automática)

Tomás Cotos (Estadística)

Ricardo Bendaña (Resistencia de Materiales y Elasticidad)

Claudio Cerdeiriña

Motivo da reunión:

Elaboración del calendario de exámenes parciales del segundo cuatrimestre del segundo curso.

Temas formulados:

Medidas acordadas:

Se acordó fijar las siguientes fechas para la realización de exámenes parciales:

- 27 de marzo (Mecánica de Fluidos)

- 3 de abril (Estadística)

CUADRIMESTRE	GRAO
segundo	Enxeñaría Aeroespacial

MATERIA: MECANICA DE FLUIDOS

PROFESORADO: Luís Rodríguez Pérez

PROFESOR/A RESPONSABLE MATERIA: Luís Rodríguez Pérez

Valoración e funcionamento- comentar os aspectos seguintes:

